



Diante do anuncio realizado o pasado mércores por parte do grupo Alcoa Inespal, de maneira unilateral e sen causa xustificada, de pechar as súas plantas da Coruña e Avilés, e toda vez que isto supón unha ameaza de especial gravidade para o emprego na cidade, a comisión de voceiros e voceiras propón de maneira unánime a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

- 1.- Amosar o respaldo unánime da Corporación municipal da Coruña aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa e o rexeitamento ao peche da factoría.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a conformar, xunto co Concello da Coruña, unha fronte institucional común en defensa do emprego, do mantemento da actividade industrial en Alcoa e, en consecuencia, da retirada do ERE presentado pola empresa.
- 3.- Apoiar as mobilizacións que convoquen os traballadores e as traballadoras da planta.
- 4.- Dar traslado deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia, no pleno da Deputación provincial da Coruña, así como nas Cortes Xerais do Estado, instándoos a que se pronuncien nos mesmos termos.